

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 14 de setembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de setembro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Carmen Pintado García

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento a SIELVIGO,S.L, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia –financiado pola unión europea– NEXT GENERATIONEU) (1709-441)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 12 de setembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 1 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia -financiado pola unión europea- NEXT GENERATIONEU) (1709-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 17 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 12 de setembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 2 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Adecuación do proxecto de reforma do mercado de Teis á liña de axuda no marco do PRTR" (Plan de Recuperación Transformación e resiliencia –financiado pola unión europea– NEXT GENERATIONEU) (1709-441) por non terse presentado ningunha proposición".

3- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

LOTE 1

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	CINETRONICA, S.L.	20.529,27 €	0 meses
2	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	20.461,16 €	12 meses
3	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	19.500,00 €	36 meses

LOTE 2

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	11.921,63 €	96 meses

LOTE 3

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	7.500,00 €	96 meses

LOTE 4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 3 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	MOYPE SPORT, S.A.	753,30 €	6 meses
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	1.025,00 €	6 meses

LOTE 5

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Incremento prazo de garantía
1	MOYPE SPORT, S.A.	12.382,28 €	6 meses
2	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	13.599,00 €	36 meses

Asiste á apertura:

1.- D. Raúl Xosé Sánchez Pujalte, en representación de MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CINETRONICA, S.L. (Lote 1)
2. Medulio Servicios y Obras, S.L. (Lote 1)
3. MOYPE SPORT, S.A. (Lotes 4 e 5)
4. PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. (Lotes 1, 2, 3, 4 e 5)

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

A continuación, a secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación para o Lote 6 dentro do prazo de presentación que remataba o 8 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 4 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
 - Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 18 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 8 de setembro.

Terceiro.- A Mesa de contratación, na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2023, comprobou que non hai licitadores presentados a este procedemento para o Lote 6 "Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos", segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 12 de setembro de 2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento para o Lote 6 "Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos", cómpre declarar deserto o mesmo.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o Lote 6 "Altofalantes subacuáticos e equipos de son autónomos" do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333) por non terse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 5 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado ningunha proposición, tal e como consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral”.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora da iluminación do Monte da Guía” (1665-441)

A secretaria pregunta ás membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/es.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade das membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoológico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior do Zoo o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

A secretaria pregunta ás membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 6 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

Licitador	Incremento do número de arcos	Incremento no número de motivos	Incremento na iluminación en árbores	Achega elemento 3D (altura mínima 8m e volume mínimo 8m ³)	Achega de arcos eficientes		Prezo ofertado
					Redución da potencia	Redución da dispersión do fluxo luminoso	
1 ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 unidades	125 unidades	100 unidades	SI	0 arcos	83 arcos	7.801.775,10 €

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

De conformidade co criterio recollido na cláusula 18.1b) deste prego, constátase que a oferta de ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación:

Licitador	Incremento do número de arcos	Incremento no número de motivos	Incremento na iluminación en árbores	Achega dun elemento 3D	Achega de arcos eficientes	Redución do prezo
1 ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	12,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a que segue:

Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1 ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	38 puntos	62,00 puntos	100 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoológico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

A secretaria pregunta ás membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

Licitador	Prezo ofertado
1 EULEN, S.A.	113.518,70 €



O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

De conformidade co criterio recollido na cláusula 18.1b) deste prego, constátase que a oferta de EULEN, S.A. non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	EULEN, S.A.	70,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a que segue:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	23,5 puntos	70,00 puntos	93,50 puntos

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra ás membros da mesa que, na sesión do 1 de setembro de 2023, deuse conta da resolución nº144/2023, do 24 de agosto de 2023, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estimaba o recurso interposto por FCC AQUALIA, S.A. contra o acordo de desistencia da licitación. En cumprimento desta resolución a Mesa, acordou, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula.

Así, entrégase o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

A continuación, e tendo en conta que no devandito informe do servizo xestor de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula, de data 11 de setembro, figuran os totais das puntuacións obtidas polos licitadores, tanto neste informe como no informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor, de data 16 de maio de 2023 e a proposta de clasificación correspondente, a Mesa de Contratación, á vista das súas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 8 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



actuacións e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Total
1	FCC AQUALIA	81
2	SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A.	71.13

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación e o informe que corrixe erro material do anterior, asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía o 12 de setembro de 2023.

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír do Lote 3 deste procedemento a NORFORMACIÓN, S.L. por superar a súa oferta o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP “*As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.*”)

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 9 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa da Unidade de Patrimonio o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior, asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa da Unidade de Patrimonio do 12 de setembro de 2023 sendo este segundo aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa da Unidade de Patrimonio o 7 de setembro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

No devandito informe dáse conta do informe técnico, de data 6 de setembro de 2023, asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos, a enxeñeira industrial, o enxeñeiro industrial e o xefe da Área de Inversións no que se indica que, do análise das xustificacións presentadas polo licitador CIVIS GLOBAL, S.L.U., cuxa oferta foi declarada con presunción de anormalidade, despréndese que non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos na LCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

En base ao anterior a Mesa acorda por unanimidade propoñer á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a exclusión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. deste procedemento por estar a súa oferta incurso en baixas anormais e non cumprir os requisitos para considerala xustificada.

Publícase o informe de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" no perfil de contratante.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia" (1592-441)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 8 de setembro de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 10 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer, á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a exclusión de JUSTO ROMAN, S.L. deste procedemento por estar a súa oferta incurso en baixas anormais e non presentar a documentación de xustificación en prazo tal e como se lle requiriu con data 4 de setembro de 2023.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de NORFORMACIÓN, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de setembro de 2023, por superar, a súa oferta, o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP "As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.")

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334) na seguinte orde descendente:

LOTE 1

	Empresa licitadora	Total puntos
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	62

LOTE 2

	Empresa licitadora	Total puntos
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	64.50

LOTE 3

	Empresa licitadora	Total puntos
--	--------------------	--------------



1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	60,50
---	----------------------------	-------

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (Lotes 1, 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11161-307) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	Puntuación TOTAL
1º	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.	87,20
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	85,32

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 12 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CIVIS GLOBAL, S.L.U., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, a enxeñeira industrial, o enxeñeiro industrial e o xefe da Área de Inversións o 6 de setembro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	88,79
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	86,77
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,44
4º	ORECO BALGÓN S.A.	85,47
5º	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.	83,71
6º	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.	71,40
7º	PROSEMA NOROESTE S.L.	66,90

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a JUSTO ROMAN, S.L., por conter as súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ao non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia” (1592-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 13 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Empresas	Puntuación
1	PROSEMA NOROESTE, S.L.	98,80
2	DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	78,34

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 14 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público no Parque zoolóxico de Vigo dependente da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable do Concello de Vigo (11988-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	93,50 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1632-441)

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1632-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 15 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de abril de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 464.130,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.65 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153965, dos cales 1.200.000, 00 euros provintes da incorporación de remanentes (Decreto do Alcalde-Presidente de data 08.02.2023), e o resto con cargo a correntes, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	2.674.273,15 €
------	----------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- Con data 12 de maio de 2023, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (por acordo da Xunta de Goberno local de data 12 de marzo de 2021) adoptou a seguinte resolución:

“Rectificar o apartado 5 a) do anexo I (Follas de especificacións do contrato) do PCAP, que quedará redactada como segue

A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDÍCASE GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE: si, Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.”

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. – AVAN INTEGRAL, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2023 pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:21	Páxina 16 de 48
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84E-CHD424-E7498A-GEHW6M-VNYRYN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO BALGON, S.A.	94.56
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.	90.35
3	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. -CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	90.32

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A., o día 25 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade das membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

